

<b>Nº.EXPTE.:</b>	<b>2016028530</b>
<b>SOLICITANTE:</b>	Concelleiro de Infraestruturas
<b>ASUNTO:</b>	INFORME TÉCNICO ACERCA DA NECESIDADE DE MODIFICAR O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA ACOMETER AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE INVESTIMENTOS MUNICIPAL 2016-2017.

## INFORME TÉCNICO

### 0.-ANTECEDENTES.

Redáctase o presente informe tra-lo encargo recibido por parte do Concelleiro de Infraestruturas do Concello de Ourense de promover unha modificación orzamentaria co obxecto realizar unha serie de actuacións dirixidas, entre outros obxectivos, á mellora e acondicionamento da rede viaria, das redes de servizos e dos espazos públicos municipais.

É por iso que se elaborou, en base ás necesidades existentes e demandas de diferentes asociacións de veciños da cidade, unha proposta de intervencións enmarcadas na figura dun Plan de Investimentos Municipal 2016-2017, onde se describen e valoran cada unha das solicitudes e necesidades existentes.

### 1.-DA NORMATIVA DE REFERENCIA PARA O PRESENTE INFORME.

Para a súa redacción, considerase de aplicación o disposto nos:

- Leis 39 e 40 de 2015 do procedemento administrativo común e réxime xurídico das AAPP.
- art. 177 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004,
- Lei 7/1985 de bases do réxime local
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social.
- RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP e RD 1098/2001 polo que se aproba o RLCAP.
- RDL 7/2015 polo que se aproba a Lei do Solo e Rehabilitación.
- Lei 2/2016 do Solo de Galicia.
- PXOU de Ourense 1986 e MP de 2011 (D 187/2011) e ordenación provisional vixente.
- Lei 8/2013 de Estradas de Galicia.
- Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia.
- Decreto 35/2000 polo que se aproba o regulamento da lei de accesibilidade de Galicia (en desenrolo da derrogada Lei 8/1997).
- Orde VIV 561/2010 pola que se de desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.
- RD 1890/2008 polo que se aproba o regulamento de eficiencia enerxética en redes de alumeadado público e RD 842/2002 polo que se aproba o regulamento electrotécnico de redes de BT.
- RDL 1/2001, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e RD849/1986 polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico.
- Lei 9/2014 Xeral de Telecomunicacións.

### 2.- DA VALORACIÓN DAS INTERVENCIÓNS.

As valoracións económicas de cada actuación recollida no Anexo 1 ó presente foron obtidas de acordo cos ratios que, comparativamente con intervencións de semellante natureza, se teñen levado a cabo dende os diferentes servizos municipais naquelas solicitudes nas que non existen estudos previos de custe, mentres que no resto dos casos, nos cales existen estudos, proxectos ou documentos técnicos valorativos das mesmas se incorporaron e actualizaron ditas valoracións. En todas elas se recolle asemade os custos en



concepto de redacción de proxectos, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde e impostos conforme ós valores medios nos que se adoita contratar.

Tendo en conta que parte das actuacións recollen orzamentos suxeitos a procedementos de contratación con baixa económica, e segundo os datos extraídos das baixas económicas obtidas nos concursos de obras nesta administración, a baixa media resulta entre o 15% e o 25%, razón pola cal na elaboración do presente non se estimou o 10% en concepto de liquidación para cada unha das actuacións propostas.

### 3.-DAS ACTUACIÓNS NECESARIAS.

#### 3.1- Das actuacións necesarias en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

É numerosa a lexislación que en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación daquelas persoas con mobilidade reducida e supresión de barreiras arquitectónicas, así coma as relativa á ordenación do territorio e urbanismo prevén, como principios reitores dunha política social e económica por parte das administracións públicas, a adopción de medidas encamiñadas ó aforro enerxético e a mellora da calidade e prestacións en materia de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados.

Neste senso, é destacable as políticas promovidas xa dende a UE (estratexia Europa 2020, estratexias DUSI, ect) e que en parte foron xa adoptadas por diferentes comunidades autónomas xa dende a década pasada onde, fomentando a implantación de equipos de mobilidade urbana accesibles, son destacables os casos de cidades como Pamplona, Bilbao, Santa Coloma de Gramenet, Vitoria, Barcelona, Lugo, A Coruña, Vigo...etc.

Así recóllese nos art. 22, 25, 27, 34.4 e 69 do RDL 1/2013, considerando que asemade, na súa disposición adicional 3ª, aptdos b) e c) indícanse os prazos para determinar a existencia de condicións básicas de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados que sexan susceptibles de axustes razoables (aptdo.c), onde se sinala como prazo máximo para realizar ditos axustes o 4 de decembro de 2017.

Pola súa banda, no RDL 7/2015, no seus art. 3.3 d) e e) precisa como principio para o desenrolo a mellora da calidade e accesibilidade universal ás infraestruturas entre outros.

Por outra banda, na Orde VIV 561/2010, establece, como prazo para acometer os axustes razoables en materia de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados susceptibles de mellora o 1 de xaneiro de 2019.

#### 3.2- Das actuacións necesarias en materia de mellora das infraestruturas existentes, espazos libres públicos e urbanizacións.

Ademais das prerrogativas en materia de accesibilidade esixibles e mencionadas nos espazos públicos urbanizados, quedan comprendidas nas competencias municipais tanto as infraestruturas viarias coma o seu mantemento e conservación, segundo se recolle no art. 25 da Lei 7/1985 e art. 80 da Lei 5/1997, así coma no art. 33 e concordantes da Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

Neste senso, existen varias rúas na cidade, núcleos rurais e solo rústico que adoecen de patoloxías construtivas no seu acabado, con presenza de fochas, deformacións da súa plataforma viaria tanto para o tráfico rodado coma para o peonil, así coma esgotamento da vida útil dos seus acabados e instalacións.

De esta situación derívanse varias reclamacións patrimoniais contra esta administración por derivadas de accidentes por caídas en varios emprazamentos do concello, diminución da súa capacidade portante, deficiencias no acabado de rodaxe, insuficiente dimensionado das vías ou das redes, roturas das canalizacións de auga -fundamentalmente no abastecemento-, deficiencias ou carencia de redes de saneamento, sistemas de depuración e/ou verteduras, melloras necesarias nas redes de alumeadado público e aloxamento de conducións destinadas a albergar as cada vez maiores redes de telecomunicacións.

Asemade, e dende diferentes asociacións de veciños foron solicitadas unha serie de actuacións de semellantes características para as que se propón, no marco dun Plan de Investimentos Municipal 2016-2017, dar cabida ás ditas demandas veciñais que repercuta no benestar e prestacións esixibles naquelas infraestruturas viarias, redes de augas, espazos libres e infraestruturas de alumeadado público con carencias.



#### 4.- DO IMPORTE DO PLAN DE INVESTIMENTOS MUNICIPAL 2016-2017

En base ás peticións formuladas dende diferentes asociacións de veciños do Concello de Ourense, así coma das necesidades que en materia de seguridade e accesibilidade é preciso acometer valoráronse dende os servizos de infraestruturas (augas, enxeñería e perímetro rural), eléctrico e medio ambiente unha relación de obras e actuacións en infraestruturas viarias, redes de servizos e espazos libres municipais que se incorporan no marco do Plan de Investimentos 2016-2017 e que se detalla no Anexo 1 ó presente documento, sendo o seu importe total o seguinte:

PLAN DE INVESTIMENTOS MUNICIPAL 2016-2017

**12.840.548,62 €**

#### 4- XUSTIFICACIÓN DA PREMURA NA EXECUCIÓN DAS INTERVENCIÓNS.

Como pode comprobarse en cada unha das propostas recollidas, tanto naquelas actuacións encamiñadas á mellora das infraestruturas existentes coma na implantación de novos sistemas ou equipamentos, a súa incorporación ó presente Plan fundaméntase na obsolescencia, deficiencias e carencias que estas presentan e na necesidade de actualizar, consonte á actual normativa de aplicación, as prestacións que as infraestruturas, servizos e redes municipais deben satisfacer.

Ditas actuacións veñen a reverter:

- 1.- no benestar cidadán tanto durante os desprazamentos en vehículos públicos ou privados, aumentando a seguridade e confort da viaxe; coma nos desprazamentos a pé, facilitando unha lectura clara da beirarrúa, un correcto dimensionado e unha imprescindible seguridade e accesibilidade horizontal e vertical;
- 2.- na minoración en xeral da contaminación acústica que sobre os usos ubicados nas proximidades das vías produce o seu estado así coma nunha mellora na eficiencia enerxética das instalacións;
- 3.- nas esixible calidade e ordenación dos servizos que deben ser asumidos polo Concello;
- 4.- na minoración do custo de mantemento e no importe das futuras intervencións que tanto en vías como en redes serán necesarios, mellorando a súa eficiencia, prolongando a súa vida útil e adecuando as prestacións que deben satisfacer.
- 5.- na previsible diminución das reclamacións patrimoniais ó Concello de Ourense.

#### Anexos ó presente informe.

*Anexo nº1.: Listado de Obras contempladas no Plan de Investimentos Municipal 2016-2017.*

É canto se ten a ben informar dende o punto de vista técnico;

Ourense, 25 de outubro de 2016.

**O ARQUITECTO MUNICIPAL**

**O APARELLADOR MUNICIPAL**

**A APARELLADORA MUNICIPAL**

Asdo. Gerardo Cid Guede

Asdo. José Carlos Pérez Paz

Asdo. Ana Bailón Vega



## PLAN INVESTIMENTOS 2016-2017

Nº	Nº EXPTE SOLICITUDE RX	SERVIZO	DISTRITO	FEDERACION	SOLICITANTE	VÍA	ZONA	OBSERVACIONES	INVESTIMENTO TOTAL (*)
1	2016051080 2016024920	AUGAS	2	LIMIAR	AAVV AGARIMO	RÚA ROI PAEZ	MILAGROSA	SUSTITUCIÓN TUBARIAS POR MÚLTIPLES ROTURAS. ROMPE A TUBAXE BAIXO A BEIRARRÚA DEREITA, PERO ORZAMENTASE TAMÉN O CAMBIO DO RAMAL ESQUERDO .	43.538,60 €
2	2016051080	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV AGARIMO	RÚA ROI PAEZ	MILAGROSA	ADECUACIÓN TERREOS TRASEIRAS DOS BLOQUES 2,4 6,8,10	46.648,50 €
3	2016051080 2016024920	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV AGARIMO	RÚA DA CANLE	MILAGROSA	ENSANCHE BEIRARRÚA (DENDE FONTE DO MONTE A RÚA RICARDO COURTIER) – VALORACIÓN SEGUNDO F1-10 FASE-I	77.747,50 €
4	2016024920	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV AGARIMO	RÚA ARIAS PAEZ	MILAGROSA	ARRANXO DE PELDAÑOS – CONTRUCCIÓN DE RAMPLA	26.437,80 €
5	2016024920	PARQUES E XARDÍNS	2	LIMIAR	AAVV AGARIMO	RÚA ARIAS PAEZ	MILAGROSA	REPOSICIÓN DE XOGOS INFANTÍS	40.320,00 €
6	2016024920	PARQUES E XARDÍNS	2	LIMIAR	AAVV AGARIMO	PRAZA DE SANDIÁS	RÚA DA CANLE	REPOSICIÓN DE XOGOS INFANTÍS	51.840,00 €
7	2016051080 2016024920 2016050713	INFRAESTRUTURAS	4	LIMIAR	AAVV O CASTELO/CARLASCA (MIÑO)	RÚA NICOMEDES PASTOR DÍAZ	A CARBALLEIRA	MODIFICACIÓN DE ISLETA PARA PERMITIR O XIRO DO BUS E ADECUACIÓN DE GLORIETA, REDIMENSIONANDO O ÁMBITO DE XIRO DE VEHÍCULOS (ELIMINACIÓN DE 2 PRAZAS DE ESTACIONAMENTO)	62.256,00 €
8	2016051080 2016050713	INFRAESTRUTURAS	4	LIMIAR	AAVV O CASTELO/CARLASCA (MIÑO)	RÚA NICOMEDES PASTOR DÍAZ	A CARBALLEIRA	ADECUACIÓN BEIRARRÚA EN NICOMEDES PASTOR DÍAZ	101.071,75 €
9	2016051080 2016024920	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV BON XESÚS	VIAL A MONTERREI	CEBOLIÑO	ARRANXO DE VIAL DENDE CEBOLIÑO A URB. MONTERREY	156.426,43 €
10	2016051080 2016024920	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV BON XESÚS	CAMIÑO ROCAPÉREZ	CEBOLIÑO	REPARACIÓN DE NOIRO XUNTO A VIVENDA E REGATO E ARRANXO DE CAMIÑO	47.193,25 €
11	2016051080 2016024920	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV BON XESÚS	RÚA BO XESÚS	CEBOLIÑO	ARRANXO DE VIAL	57.079,50 €
12	2016051080 2016024920	SERVIZO ELECTRICO	4	LIMIAR	AAVV A CHAVASQUEIRA	A PONTE	PASEO DO TINTEIRO	ALUMEADO PÚBLICO DENDE TINTEIRO A PASEO ROXO	85.522,25 €
13	2016051080 2016024920	PARQUES E XARDÍNS	3	LIMIAR	AAVV A CHAVASQUEIRA	A PONTE	FONTE TINTEIRO O PASEO ROXO	LIMEZA DE MALEZA, E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NA ZONA TERMAL E TINTEIRO	57.533,15 €
14	2016024920	SERVIZO ELECTRICO	5	LIMIAR	AAVV SANTA CRUZ DE ARRABALDO	N-120 UNTES SANTA CRUZ	UNTES	ILUMINACIÓN DA ESTRADA_200M	38.873,75 €
15	2016051080 2016024920	INFRAESTRUTURAS	3	LIMIAR	AAVV RAIRO	RÚA SAN JERÓNIMO	RAIRO	PAVIMENTACIÓN DE RÚA E RECOLLIDA DE AUGAS	93.297,00 €
16	2016051080 2016024920	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV RAIRO	RÚA ANTOLÍN LOSADA TROVISCO	RAIRO	URBANIZAR RÚA_BEIRARRÚAS_CANALIZACIÓNS	727.716,60 €
17	2016051080 2016024920	AUGAS	2	LIMIAR	AAVV RAIRO	RÚA DA MARQUESA		PONER ALCANTARILLADO/VERQUIDOS REGATO DO CHIS	186.150,00 €
18	2016051080	INFRAESTRUTURAS	3	LIMIAR	AAVV RAIRO	RÚA FONTE DO OLMO	RAIRO	PAVIMENTACIÓN DE RÚA E RECOLLIDA DE AUGAS	62.198,00 €
19	2016027441	INFRAESTRUTURAS	5	LIMIAR	AAVV VIRXE DE COVADONGA	REURBANIZACIÓN DE CALZADAS E BEIRARRÚAS	COVADONGA	REHABILITACIÓN DE FIRMES E MELLORAS NAS BEIRARRÚAS (SEN ACTUACIÓNS IMPORTANTES EN REDES DE SERVIZOS)	855.222,50 €
20	2016051080	INFRAESTRUTURAS	4	LIMIAR	AAVV FINCA FIERRO	RÚA MILLADOIRO (traseiras)	FINCA FIERRO	ARRANXO E AGLOMERADO DE EXPLANADA FRONTE ÓS Nos. 3,5,7 E 9	39.932,75 €
21	2016051080	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV A FOLLATEIRA	RÚA MIRADOIRO	FOLLATEIRA	ARRANXO DA RÚA, AGLOMERADO	59.536,10 €
22	2016051080	INFRAESTRUTURAS	3	LIMIAR	AAVV CABEZA DE VACA	RÚA DA COSTA E RÚA ENXIDO	CABEZA DE VACA	ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS	128.545,17 €
23	2016051080	INFRAESTRUTURAS	3	LIMIAR	AAVV CABEZA DE VACA	RÚA DA ENCRUCILLADA	CABEZA DE VACA	ASFALTADO DE RÚA	43.863,00 €
24	2016051080	INFRAESTRUTURAS	3	LIMIAR	AAVV CABEZA DE VACA	CABEZA DE VACA (OBRAS VARIAS DE AMOBLAMENTO)	CABEZA DE VACA	RESTAURAR BANCOS, FONTES PÚBLICAS EN RÚA DO MEDIO E RÚA DA COSTA, ALUMEADO EN RÚA LAGAR 5, SEGURIDADE FRONTE A CAÍDAS EN RÚA CASTELO RAMIRO 72, ESPELLO RÚA OUSANDE E RÚA CURANDEIRO.LIMPEZA DE RÚAS UNHA VEZ SEMANA	21.800,00 €
25	2016051080	PARQUES E XARDÍNS	3	LIMIAR	AAVV CABEZA DE VACA	ARRANXO PARQUE INFANTIL RÚA DA ROMERÍA	CABEZA DE VACA	ARRANXO DE PARQUE INFANTIL XUNTO A AAVV	43.400,00 €
26	2016051080	PARQUES E XARDÍNS	2	LIMIAR	AAVV CENTRO	ALAMEDA DO CRUCEIRO	CENTRO	REHABILITACIÓN DE PARQUE INFANTIL	701.887,14 €
27	2016051080	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV MARIÑAMANSA-A CUÑA	CUÑA DE ABAIXO 1 E 2	CUÑA	FORMIGONADO DE VIAS	46.467,20 €
28	2016051080	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV MARIÑAMANSA-A CUÑA	RÚA VASCO DÍAZ TANCO	CUÑA	ARRANXO DE REDE_BEIRARRÚAS E ASFALTADO	453.843,26 €
29	2016051080	INFRAESTRUTURAS	2	LIMIAR	AAVV SAN ROQUE DE MENDE	RÚA DA RABAZA	A RABAZA	ARRANXO DE REDE_BEIRARRÚAS E ASFALTADO	254.001,08 €
30	2016053817	INFRAESTRUTURAS	3	MIÑO	AAVV RABO DE GALO	RÚA SALTO DO CAN	RABO DE GALO	ASFALTADO DE VIAL_REDES_MURO DE CONTENCIÓN_ALUMBRADO E COLOCACIÓN MARQUESINA	881.656,65 €
31	2016053817	INFRAESTRUTURAS	3	MIÑO	AAVV RABO DE GALO	RÚA CARBALLO	RABO DE GALO	ASFALTADO DE VIAL_REDES_MURO DE CONTENCIÓN_ALUMBRADO E COLOCACIÓN MARQUESINA	188.148,95 €
32	2016053817	INFRAESTRUTURAS	3	MIÑO	AAVV RABO DE GALO	RÚA DA RULA	RABO DE GALO	ASFALTADO	50.283,97 €
33	2016053817	INFRAESTRUTURAS	3	MIÑO	AAVV RABO DE GALO	RÚA DO MOUCHO	RABO DE GALO	ASFALTADO	36.530,44 €
34	2016027485 2016053817	INFRAESTRUTURAS	3	MIÑO	AAVV QUINCE DE AGOSTO	RÚA DA FONTE/CAMIÑO DA MIRTA	REZA	REPARACIÓN DE VIAIS	215.139,77 €
35	2016027485 2016053817	INFRAESTRUTURAS	3	MIÑO	AAVV QUINCE DE AGOSTO	RÚA CASAGRANDE	REZA	REPARACIÓN DE VIAIS	132.131,88 €
36	2016027485 2016053817	INFRAESTRUTURAS	3	MIÑO	AAVV O LOUREIRO	RÚA CANDIDO FERNÁNDEZ MAZAS	COUTO	REPARACIÓN DE REPISE DE EN VIA	21.781,50 €
37	2016053817 2016050713 2016030217	INFRAESTRUTURAS	2	MIÑO	AAVV AS LAXAS	RÚA DA AIRIÑA	AS CURUXEIRAS	PAVIMENTACIÓN DE PEDRA	59.784,15 €
38	2016053817	INFRAESTRUTURAS	2	MIÑO	AAVV AS LAXAS	RÚA DA RÁBEDA	AS CURUXEIRAS	CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚA E ARRANXO DE VIAL	248.792,00 €
39	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	1	MIÑO	AAVV RIBEIRA MIÑO	APARCAMENTO TRAS POLIDEPORTIVO OIRA	OIRA	CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO ENTORNO DO APARCAMENTO E INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NA ZONA (CARECE)	233.242,50 €
40	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	1	MIÑO	AAVV RIBEIRA MIÑO	PASEO FLUVIAL_OIRA_PATO ROXO	OIRA	ARRANXO DE BEIRARRÚAS EXISTENTES DENDE SEMÁFORO ATA PATO ROXO, PROLONGACIÓN ATA APARCAMENTO E ACONDICIONAMENTO DA EXPLANADA DE ESTACIONAMENTO	93.297,00 €
41	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV CASTRO DE BEIRO	PISTA DA IGREXA - RÚA DO CAMPAMENTO	IGREXA BEIRO	ARREGLO DE PISTA DE ACCESO A IGREXA (TRAMO PÚBLICO)	57.772,97 €
42	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV CASTRO DE BEIRO	ESTRADA A CRUZ-NOGUEIRA	BEIRO	ASFALTADO DE VIAL E LIMPEZA DE CUNETAS	60.190,97 €
43	2016053817 2016050713	AUGAS	2		AAVV SANTA MARIÑA DO MONTE	PRAZA DAS FONTES	SANTA MARIÑA DO MONTE	RETIRAR FOSE SÉPTICA DA PRAZA DAS FONTES E ACOMETER COA REDE XERAL DE RAIRO (SOLICITADA NO PLAN DE OBRAS FASE I). APROXIMADAMENTE 1600 ML DE COLECTOR DE PVC 315	317.550,00 €
44	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	2	MIÑO	AAVV SANTA MARIÑA DO MONTE	CAMIÑO DOS CHAOS	SANTA MARIÑA DO MONTE	REPARACIÓN DO VIAL NO NÚCLEO	42.546,54 €
45	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	2	MIÑO	AAVV SANTA MARIÑA DO MONTE	BAIXADA Á IGREXA (RÚA A?)	SANTA MARIÑA DO MONTE	REPARACIÓN DO VIAL (FORMIGÓN +ADOQUÍN) + REDES	147.720,25 €
46	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	2	MIÑO	AAVV SANTA MARIÑA DO MONTE	CAMIÑO DAS FONTES	SANTA MARIÑA DO MONTE	REPARACIÓN DO VIAL (FORMIGÓN + ADOQUÍN)+REDES	101.071,75 €

Nº	Nº EXPTE SOLICITUDE RX	SERVIZO	DISTRITO	FEDERACION	SOLICITANTE	VÍA	ZONA	OBSERVACIONES	INVERTEMENTO TOTAL (*)
47	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV SAN ESTEBO DE UNTES	REPARACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO A OUTEIRO-FONDO DO LUGAR-BARRIO	UNTES	DTS CON TRAMOS (30%) TTS	35.500,80 €
48	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV SAN ESTEBO DE UNTES	REPARACIÓN DE CAMIÑO CRUCEIRO – O CAMPO	UNTES	REPARACIÓN E LIMPEZA DO CAMIÑO DTS	46.648,50 €
49	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV SAN ESTEBO DE UNTES	ACONDICIONAMENTO CAMIÑO PORTALGO	UNTES	ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS EN ZAHORRA	29.332,42 €
50	2016053817 2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV SAN ESTEBO DE UNTES	ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DA COSTA	UNTES	ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS EN ZAHORRA	58.084,00 €
51	2016053817 2016050713	PARQUES E XARDÍNS	5	MIÑO	AAVV SAN ESTEBO DE UNTES	ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL DE SOBREIRA	UNTES	ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL DE SOBREIRA	57.533,15 €
52	2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV PALMÉS	PRADOBOO Ó PEREIRO_FASE 1	PALMÉS	ALSFALTADO E ENSANCHE (VIA TIPO 3) DA VÍA (8M)	672.711,25 €
53	2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV PALMÉS	O BURGO-A CONCHADA	PALMÉS	ASFALTADO DE VIAL	112.653,02 €
54	2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV VIRXE DA O	FRENTE A CAPELA_TERREOS A ARRANXAR	ZAÍN	PENDENTE ESTUDO CONCELLARÍA	110.799,50 €
55	2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV VIRXE DA O	RÚA DA TENENCIA - MONTOSCOS	ZAÍN	ASFALTADO DE VIAL	143.768,68 €
56	2016050713	INFRAESTRUTURAS	1	MIÑO	AAVV SANTA MARTA DE VELLE	ESTRADA DENDE OU-506 ATÉ CEMINTERIO	VELLE	AGLOMERADO DE VIAL E BEIRARRÚAS	53.262,90 €
57	2016050713	PARQUES E XARDÍNS	2	MIÑO	AAVV SANTA MARTA DE VELLE	PARQUE DO PALAO	VELLE	CONSTRUCCIÓN DE MERENDEIROS, COLOCACIÓN DE VALADO. SANEAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL	31.099,00 €
58	2016050713	PARQUES E XARDÍNS	2	MIÑO	AAVV SANTA ANA DO PINO	PARQUE INFANTIL DO PINO	O PINO	DOTACIÓN DE MAIOR NÚMERO DE EQUIPAMENTOS INFANTÍS E DE MAIORES, COLOCACIÓN DE VALADO PERIMETRAL	57.533,15 €
59	2016050713	INFRAESTRUTURAS	2	MIÑO	AAVV SANTA ANA DO PINO	SANTA ANA - XOQUÍN MONTES CAPÓN	O PINO	ASFALTADO DE VIAL E CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONT.	46.648,50 €
60	2016050713	INFRAESTRUTURAS	2	MIÑO	AAVV SANTA ANA DO PINO	RÚA VIA VELLA	O PINO	CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E ASFALTADO	299.483,37 €
61	2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV SAN MIGUEL DE CANEDO	RÚA DE EIRASVEDRAS	EIRASVEDRAS	ASFALTADO DE VIAL E BORDOS EN FORMIGÓN	86.506,53 €
62	2016050713	INFRAESTRUTURAS	5	MIÑO	AAVV SAN MIGUEL DE CANEDO	CAMIÑO DA BEIRA DO REGATO	EIRASVEDRAS	REPARACIÓN DE FIRME E COLOCACIÓN DE VARANDA (F1-49 NON EXECUTADA)	47.931,60 €
63	2016050713	AUGAS	2	MIÑO	AAVV SAN VITORIO DE ARRABALDO	CALVELOS	SANTA CRUZ DE ARRABALDO	INSTALACIÓN DE DEPURADORA/FOSA SÉPTICA PARA TRATAMENTO DE VERQUIDO DO NÚCLEO DE CALVELOS	131.400,00 €
64	2016050713	AUGAS	2	MIÑO	AAVV SAN VITORIO DE ARRABALDO	CASARES	SANTA CRUZ DE ARRABALDO	EXECUCIÓN DE REDE DE SANEAMENTO EN RÚA ALBAREDO E BOMBEO A REDE XERAL POLA CN-120	93.075,00 €
65	2016050713	PARQUES E XARDÍNS	2	MIÑO	AAVV SAN VITORIO DE ARRABALDO	PARQUE BAIXO A-52 (XUNTO Á N-120)	SANTA CRUZ DE ARRABALDO	ACONDICIONAMENTO DE PARQUE	69.972,75 €
66	2016053817	INFRAESTRUTURAS	3	MIÑO	AAVV PONTE CANEDO	RÚA RIBEIRA DE CANEDO	A PONTE	RENOVACIÓN DO FIRME E INFRAESTRUTURAS	285.000,00 €
67	SOL.CONC	INFRAESTRUTURAS	5	O 21	AAVV RÚA O 21	RÚA DO VINTEÚN	O 21	REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS EXTERIORES, ASFALTADO, E DESPERFECTOS EN PARQUE INTERIOR, ILUMINACIÓN.	58.326,00 €
68	2016053248	INFRAESTRUTURAS	5	EIROÁS	AAVV AS EIROÁS	RÚA DO CAMPO	EIROÁS	AGLOMERADO DO VIAL E PAVIMENTADO EN SÁBREGO BORDO PAZO, RECOLLIDA DE AUGAS	59.836,10 €
69	2016053248	INFRAESTRUTURAS	5	EIROÁS	AAVV AS EIROÁS	RÚA DO SOL E RÚA BOA VISTA	EIROÁS	HUMANIZACIÓN DA RÚA (CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS, ASFALTADO, SOTERRAMENTO DE REDES)	757.727,14 €
70	2016053248	PARQUES E XARDÍNS	2	EIROÁS	AAVV AS EIROÁS	LOCAL SOCIAL	EIROÁS	ARRANXO DE AMOBLAMENTO	60.480,00 €
71	SOL.CONC	INFRAESTRUTURAS	4	SEIXALBO	AAVV SAN BREIXO	RÚA AMENDO-TRAVESA-TRAS DA CERCA	SEIXALBO	ASFALTADO DE VÍAS	60.407,36 €
72	SOL.CONC	INFRAESTRUTURAS	4	SEIXALBO	AAVV SAN BREIXO	CAMIÑO DA PEDREIRA	SEIXALBO	ACONDICIONAMENTO DE RÚA	129.838,33 €
73	2015017903	INFRAESTRUTURAS	2	CENTRO	LIMIAR	RÚA NUÑO DE OUSENDE E RÚA XOAN DE NOVOA	CENTRO	ELEVADOR EN SAN CRUZ	932.000,00 €
74	-	INFRAESTRUTURAS	3	CENTRO	VARIOS	RÚA AVILES DE TARAMANCOS E RÚA ERVEDELO	COUTO	ELEVADOR EN ENVERDELO	150.000,00 €
75	-	INFRAESTRUTURAS	3	CENTRO	AAVV CARLASCA	RÚA VÁZQUEZ NUÑEZ	A CARBALLEIRA	ACONDICIONAMENTO DA RÚA VÁZQUEZ NUÑEZ	392.000,00 €
76	2014016149	INFRAESTRUTURAS	5	A CHAPA	AAVV A CHAPA	RÚA SANCHEZ DE ARTEAGA E RÚA ARNOIA	A CHAPA	SOSTEN DE TALUDE	273.000,00 €

TOTA PLAN DE INVERTEMENTOS 2016 - 2017

**12.840.548,62 €**

TIPO DE OBRA	IMPORTE
INFRAESTRUTURAS	10.772.840,68 €
AUGAS E SANEAMENTO	771.713,60 €
PARQUES E XARDÍNS	1.171.598,34 €
SERVIZO ELECTRICO	124.396,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.840.548,62 €</b>